

WEDIO Vivimos o peor ano do último medio século. A Xunta prohibe os usos da auga que non sexan "indispensables", como a rega dos xardíns públicos e os baldeos das rúas

EN PREALERTA POLA SECA

MALIA QUE O NIVEL DOS ENCOROS SE ATOPA NA METADE, O ABASTECIMENTO "ESTÁ GARANTIDO"

Redacción e axencias - Santiago

A Xunta comunicoulle a todas as institucións o abandono dos usos de auga que non sexan os "indispensables" para consumo humano, agrícola e industrial, co obxectivo de afrontar o ano máis seco do último medio século, que levou a comunidade galega a unha situación de "prealerta".

Así o anunciou nunha xornada de prensa o conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, que precisou, no entanto, que o abastecemento está "garantido con normalidade para os próximos meses", posto que todos os organismos con competencia teñen "previstas as alertas" para reaccionar ante unha tendencia que, segundo avanzou, se manterá ata que chegue o inverno do ano próximo.

Neste sentido, Vázquez ironizou co "paradoxo" que ante á mañá levou a convocar os medios de comunicación cando, xusto hai un ano, as súas comparecencias estaban relacionadas coas precipitacións máis importantes das catro décadas precedentes, mentres que, actualmente, a falta de dúas semanas para o final de novembro, 2007 é xa o máis seco dos últimos 47 anos, segundo os rexistros de Lourizán.

Unha comisión de seguimento diario da situación

Per iso, confirmou a posta en marcha dunha comisión de seguimento diario da situación e realizou un "chamamento social" para realizar un "consumo racional" da auga que, no caso das institucións, levará ó abandono de usos secundarios como a rega de xardíns, os baldeos de rúas e todos aqueles destinos que non sexan os indispensables.

Así, aínda que a semana próxima se prevén precipitacións "discretas", recalcou que que hai "posibilidades elevadas" de que o inverno continúe a senda de seca deste outono e, por iso, asumiu a necesidade de "pór en marcha accións preventivas" como as acometidas pola Consellería de Medio Rural en relación coas explotacións.

Con todo, o conselleiro aclarou, a pesar da apelación á "precaución ante unha situación complicada", que "é posible lanzar unha mensaxe de tranquilidade, posto que están adoptadas todas as medidas necesarias e o abastecemento está garantido con normalidade para



Vicente Pérez, esq., o secretario xeral de Medio Ambiente; Jorge A. Santiso, o conselleiro Vázquez; o director xeral de Conservación, Berto Reza; e o de Augas, Jesús Romero

FRASES

Manuel Vázquez

É posible lanzar unha mensaxe de tranquilidade, posto que están adoptadas todas as medidas necesarias e o abastecemento está garantido con normalidade para varios meses"

Vicente Pérez

(Hoxe) perderase definitivamente a influencia das altas presións. O domingo espérase unha fronte bastante activa que, aínda que deixará precipitacións xeneralizadas, pasará rápido"

os próximos meses". Respecto diso, informou de que os encoros de abastecemento se atopan ó 53,62% fronte ó 71 que mostraban un ano tan chuvioso como 2006- e que os de uso hidroeléctrico mostran unha ocupación do 30 por cento, menos da metade que o ano pasado.

Dos primeiros, segundo explicou, o máis baleiro é o de Cecebre, aínda que ten un 35,5 por cento de auga que garante subministración para mes e medio; seguido do de Caldas, que cun 40 por cento alcanza para 20 días; e do de Baióna, cun 42,4 por cento e do que, a pesar de que non hai estimacións concretas, ten para máis dun mes.

O resto mostran unha ocupación superior ó 50 por cento, desde o 57,1 do encoro de Pontillón, con reserva para dous meses; ó 62,9 por

cento do de Eiras, que aguantará un trimestre; e o de Forcadas, con ata o 78,2 por cento e garantías para ata case a próxima primavera.

Forte predominio do anticiclón desde finais de agosto

Esta situación responde a que desde a última semana de agosto, Galicia rexistra un fortísimo predominio de condicións anticiclónicas que chegaron a unha estabilización que impide que chova. Non en balde, desde entón só descargou con intensidade moderada en toda a comunidade o 30 de setembro, xa que o resto de choivas foron, en xeral, dispersas, escasas e moi irregulares. Con todo, o director de Meteoroloxía, Vicente Pérez, avanzou que a partir de hoxe, sábado, se perderá definitivamente a influencia das

altas presións e terá lugar un incremento da nebulosidade que continuará ata o domingo, cando se espera unha fronte bastante activa a partir da noite" que, aínda que deixará precipitacións xeneralizadas, pasará "moi rapidamente".

En consecuencia, entre o 19 e o 24 quedará unha situación intermedia e se cos presentarán alternancia de nubes e claros que farán que a posibilidade de auga sexa débil. No entanto, xa a partir do 24 volverá achegarse un centro de baixas presións que incrementará a nebulosidade e as choivas xeneralizadas, aínda que a probabilidade, hoxe en día, é "baixa".

Segundo explicou, esta situación débese ó fenómeno de A Nena, que se produce no Pacífico Ecuatorial e que ten como rasposta no Atlántico un desprazamento das altas presións ó norte da península Ibérica desde a que se está bloqueando a entrada de calquera fronte ou perturbación atlántica que puidese levar cantidades de choiva normais nesta época do ano na comunidade de Galicia.

Neste sentido, polo menos, o 47 por cento dos anos secos en Galicia podense relacionar con este fenómeno meteorolóxico, aínda que outros patróns atmosféricos poderían tanto romper como reforzar a secas próximos meses, xa que A Nena é un patrón "difícil de pronosticar", indicou. ●

Fin do anticiclón: mañá á noite volve a chuvia a Galicia

As choivas, que en Galicia caerán xa mañá, chegarán a practicamente todo o país a partir do luns logo de varias semanas de tempo seco. Segundo informou o portavoz do Instituto Nacional de Meteoroloxía (INM), Ánge Rivera, o cambio na situación meteorolóxica en España será debido á chegada de dúas borrascas, unha procedente do noroeste do Atlántico e outra que desde o sul de Azores se dirixirá cara á

península Ibérica. A interacción de ambas as dúas borrascas facilitará a chegada de masas de aire húmido atlántico e choivas abundantes. Rivera advertiu de que o déficit de precipitacións é aínda moi amplo, xa que en determinadas zonas non choveu nin o 25% do que debería telo feito desde principios de outubro. As choivas máis intensas espéranse en Andalucía Occidental, Extremadura, Castilla-La Mancha e

Castela e León, onde se pódían rexistrar valores de entre 60 e 70 litros por metro cadrado. Segundo o INM, en zonas altas do norte e centro peninsular, segundo tivera a cota non baixará dos 1.200 ou 1.400 metros. Precipitará, en Mallorca, a neve caíu este de madrugada por riba dos 500 metros e continuará nevando nos puntos de illa que se atopan sobre esa altura.